

NORMAS DE USO DOS COMPUTADORES PÚBLICOS

O uso dos computadores require ter o **carne** de socio da biblioteca. Para obter o carne é necesario:

- Ficha de inscrición
- 2 fotos e
- Fotocopia do DNI (se és menor de 16 anos a fotocopia do DNI da túa nai, pai ou titor)

A utilización dos computadores require anotarse, presencialmente, na biblioteca. O tempo de utilización será de 30 minutos. Se non houber ninguén en espera poderá prorrogarse o tempo de uso durante 30 minutos máis. **O tempo máximo de uso dos computadores por persoa/día será de 60 minutos.**

Para usar os computadores requirírase un **nome de usuario** e unha **contraseña**. Estes datos haberá que cumprimentalos a primeira vez que se utilice o computador mediante unha ficha que aparecerá na pantalla. Cada vez que vos conectedes posteriormente pediravos esas claves. (Lembrade anotar as claves para poder usalas máis tarde).

Os menores de 16 anos non poderedes conseguir claves directamente. Para iso será necesario que se dean de alta un dos vosos pais, nais ou titores e despois poderedes usar as súas claves.

Os computadores están monitorizados por un Administrador do sistema que pode coñecer en todo momento o uso que se está facendo dos equipos. Así mesmo, está limitado o acceso a webs de contido sensíbel.

Estes computadores están preparados para comezar desde cero cada vez que se cambia de sesión (de usuario), se reinicia ou se apaga o sistema. Se queres conservar a información coa que estexas traballando deberás gardala previamente nun disquete ou enviala por correo electrónico ou do contrario perderás toda a información. De momento non é posíbel gravar CDs.

Os computadores están provistos tamén de outros complementos que é posíbel utilizar:

- Impresora (lembra que as copias haberá que pagalas)
- Escáner
- Cámara Web

Lembra que non está permitido:

- *Destruir os equipos ou o software que contén*
- *Crear ou mostrar material sensíbel*
- *Expor, introducir ou crear arquivos que podan molestar a outros usuarios*
- *Violar a privacidade de outros usuarios*
- *Copiar, sen autorización, material protexido por dereitos de autor ou non respetar os acordos de uso das licenzas de software*

O mal uso dos computadores ou de internet poderá implicar a perda do carne de usuario da biblioteca e posíbeis accións legais contra os usuarios que incumpran estas normas.